

Música tradicional

INTERRITMOS

XORNADAS E ACTUACIÓNS MUSICAIS




Sons do Rural

ORGANIZAN



FINANCIAN



COLABORAN



PROGRAMA

“A esencia da nosa cultura chéganos a través da oralidade, dos oficios e o arte. Un gran legado in/material que conforma un macrocosmos, onde todo ten o seu lugar e funciona en harmonía grazas á sinerxia do mesmo coa súa contorna e o co traspaso dos tempos”

Asistencia gratuíta previa inscrición en: <https://interritmos.deloa.es>

Para tódolos públicos.

(Aforo limitado).



Presentadora.

Julia Pozo. Mestreira e investigadora de música e bailes tradicionais.

Sábado, 10 de xuño - Náutico de San Vicente do Mar (O Grove)

12:00 - 13:15 h. **CONCURSO MUSICAL**

Actuación dos 4 finalistas de Interritmos Sons do Rural.

13:15 - 14:00 h. **XORNADA**

Os sons nos directos. A música en directo transmite os sentimentos que emanan da voz e/ou dos instrumentos que estamos a escoitar. Isto é posible grazas a man cualificada que argalla, entre botóns, nunha mesa de son.

Relatores

Fernando Campos

Enxeñeiro técnico, arreglista e Produtor musical, EDisco (A Estrada).

Ovidi Graells

Enxeñeiro técnico, arreglista e Produtor musical, Graells So i Illums SL (Barcelona).

16:00 - 18:00 h. **CONCURSO MUSICAL**

Actuación dos 6 finalistas de Interritmos Sons do Rural e selección dos gañadores.

Xurado

Patricia Hermida, Santi Castromán e Chema Cebeiro.

Sábado, 1 de xullo - Paseo do Río Narla, ao lado do Club Fluvial (Friol)

18:30 - 19:00 h. **ACTUACIÓN DE MAGHÚA***

19:00 - 19:45 h. **XORNADA**

Son con sabor a tizón. As voces dos lugares chegan a nós, como suave melodía, da man da sabedoría das nosas xentes que gardan no seu maxín o valor dun presente pasado.

Relatores

Xosé Antón Fernández (Xosé Ambás)

Serie documental Camín de Cantares, TPA.

Olga Kirk

Música e investigadora do patrimonio inmaterial.

19:45 - 20:15 h. **ACTUACIÓN DE FIXE TRÍO***

20:15 h. **DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS LOCAIS**

Domingo, 27 de agosto - FESTIVAL DE LA LUZ

Actuación dos catro gañadores.

Venres, 15 de setembro- Praza pública da Ponte Carreira (Frades)

19:30 - 20:00 h. **ACTUACIÓN DE LENI PÉREZ & ROBERTO COMESAÑA***

20:00 - 20:45 h. **XORNADA**

Xunco, vimbio e palla. A creación, con fibras de orixe vexetal, de obxectos e utensilios, reflicte as actividades levadas a cabo nos territorios e o seu legado cultural, a creatividade das mans artesanais, e as tradicións e modas do lugar.

Relatores

Álvaro M. Leiro

Cesteiro, Pazos de Borbén (Pontevedra).

Rosa Oliveira

Cesteira, Braga (Portugal).

20:45 - 21:15 h. **ACTUACIÓN DE AS LEMBRANZAS***

21:15 h. **DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS LOCAIS**

Venres, 22 de setembro. Pazo de Goiáns (Boiro)

18:30 - 19:00 h. **ACTUACIÓN DE LENI PÉREZ & ROBERTO COMESAÑA***

19:00 - 19:45 h. **XORNADA**

A hucha da avoa. As vestiduras falan do territorio mais non son alleas ás influencias externas. As modas van e veñen, mais sempre gardamos un SOMBREIRO que rememora o que foi e non deixa de ser.

Relatores

Sandra Alvite

Fundadora deTrenzarte, San Cosme de Antes (Mazaricos).

Mª José González Roncero

La Gorra, Montehermoso (Cáceres).

19:45 - 20:15 h. **ACTUACIÓN DE MAGHÚA***

20:15 h. **DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS LOCAIS**

Venres, 6 de outubro. As Nogais

18:30 - 19:15 h. **XORNADA**

Ao son dunha Culler. Tixolas, latas, trepias,... os mal chamados instrumentos "pobres". Ao parecer, as posibilidades musicais deles son moi limitadas e esencialmente rítmicas, mais o resultado pode resultar inesperadamente portentoso.

Relatores

Vanesa Muela

Cantante, multiinstrumentista e divulgadora da música tradicional (Valladolid).

Felisa Segade (Leilia)

Cantante, multiinstrumentista e divulgadora da música tradicional.

19:15 - 19:45 h. **ACTUACIÓN DE FIXE TRÍO***

19:45 h. **DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS LOCAIS**

Sábado, 7 de outubro. Samos

13:00 - 13:45 h. **XORNADA**

A herdeira do organistrum. A luthería é responsable de que hoxe, poidamos deleitarnos co son diferencial da zanfoña, presente na música relixiosa e profana en toda Europa.

Relatores

Xoan Manuel Tubío (Xaneco)

Luthier, Outeiro de Rei (Lugo)

Francisco Javier Pozuelo Allegre (Fran Allegre)

Luthier e músico, Villarejo de Órbigo (León).

13:45 - 14:15 h. **ACTUACIÓN DE AS LEMBRANZAS***

14:15 h. **DEGUSTACIÓN DE PRODUTOS LOCAIS**

* Gañadores de Interritmos Sons do Rural